

**CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONCESIÓN DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2026.**

(Aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data 06/02/2026)

Primeiro. OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto destas axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional, a través do financiamento das actividades do programa formativo de inmersión lingüística en destino, a realizar dentro do ano 2026 e nunca despois do remate do mes de outubro do ano 2026.

Segundo.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

Terceiro.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 88.750 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.489.0010 “Becas estudos internacionais EOIV” do exercicio de 2026.

Cuarto.- NÚMERO DE BOLSAS, DESTINOS E CONTÍA.

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis do alumnado beneficiario	Contía/bolsa .-€	Importe total .-€
19	Reino Unido / Irlanda	B1, B2, C1, C2	1.700,00	32.300,00
6	Francia	B1, B2, C1, C2	1.700,00	10.200,00
5	Alemaña / Austria	B1, B2, C1, C2	1.700,00	8.500,00
8	Italia	B2, C1, C2	1.700,00	13.600,00
3	Portugal	B1, B2, C1, C2	1.450,00	4.350,00
7	Xapón	B1, B2	2.200,00	15.400,00
2	China	A2.2,B1, B2	2.200,00	4.400,00
50				88.750,00 €

Quinto.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES.

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas en calquera cidade elixida libremente polo bolseiro/a pertencente aos países de Reino Unido / Irlanda, Francia, Alemaña / Austria, Italia, Portugal, Xapón e China.
- Gastos da viaxe de ida e volta para o desprazamento en autobús ou tren dende a estación de Vigo ou en avión dende o aeroporto de Vigo, cos seus enlaces aéreos correspondentes, ata a cidade do destino elixida libremente polo/a bolseiro/a nos países indicados nos que se desenvolverá o programa.

O voo dende Vigo poderá aterrar nunha cidade diferente do país de destino, completando o desprazamento ata a cidade de destino final noutro medio de transporte público.

Os desprazamentos internos ao longo da estadía formativo lingüística quedan excluídos do programa.

- Nos destinos no Reino Unido e Irlanda, está incluído acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de quince ou máis persoas, e o



desprazamento en autobús o primeiro e o último día dende o aeroporto até a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Reino Unido / Irlanda.

- Matrícula e custo do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- Aloxamento en hoteis, hostais, residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos con habitación dobre compartida e baño compartido.
- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Sexto. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar esta bolsa o alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico: en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas inglés, francés, alemán e portugués; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 do idioma italiano; en calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma xaponés e no segundo curso do nivel A2 e calquera dos cursos dos niveis intermedio B1 e intermedio B2 do idioma chinés; que cumpra os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

Os demais requisitos que deben cumprir os/as beneficiarios/as da presente convocatoria recóllense na base quinta das que a rexen.

Sétimo.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Oitavo.- DOCUMENTACIÓN.

A documentación que corresponda presentar en cada caso relaciónase na base sétima das que rexen a presente convocatoria.

Noveno.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO.

O Servizo municipal de Educación será o encargado da instrución do procedemento de concesión das bolsas. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración.

O Servizo municipal de Educación, en base aos informes da Comisión de Valoración, que previamente terá examinado e resolto as alegacións achegadas polos/as interesados/as, formulará a proposta de resolución definitiva que se elevará á Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria, con listaxe definitiva de bolsas concedidas, denegadas e en lista de suplentes.

Décimo. CRITERIOS DE VALORACIÓN

A selección das solicitudes determinarase mediante os seguintes criterios:

- A maior cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da nota do último curso oficial presencial ou semipresencial apto realizado nesta Escola e desenvolvido nos 3 últimos cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa.
- Engadiranse á cualificación final acadada: franxas de 0,35 puntos por cada curso aprobado na EOIV nos últimos tres cursos académicos, no idioma no que se solicite a bolsa.
- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa: 0,5 puntos por estar cursando o segundo curso do nivel avanzado C1 dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano; o nivel



Expte.: **99600/332**

avanzado C1 do idioma portugués; o terceiro curso do nivel intermedio B1 ou o primeiro ou segundo curso do nivel B2 do idioma xaponés; así como o segundo ou terceiro curso do nivel intermedio B1 e o primeiro curso do nivel intermedio B2 do idioma chinés.

- Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa: 0,5 puntos por estar cursando o nivel avanzado C2.

- Pola situación laboral de desemprego do/a alumno/a solicitante:

No caso de levar en situación laboral de desemprego 12 meses ininterrompidos ou máis = 1 punto.

No caso de levar en situación laboral de desemprego menos de 12 meses = 0,5 puntos.

- Ao alumno/a solicitante con ingresos anuais per cápita iguais ou menores ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) fixado en 8.400,00.-€/ano: outorgarase ata un máximo de 1 punto.

O ingreso anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes, e ten a consideración de ingresos totais a suma da base impositiva xeral máis a base impositiva de aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade familiar.

- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, de xeito que se outorgarán as seguintes puntuacións sumadas á da cualificación:

- Categoría Especial = 1 punto

- Categoría Xeral = 0,5 puntos

- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia monoparental: outorgarase ata un máximo de 0,5 puntos.

- A efectos do cálculo da renda per cápita, no caso de que algún membro da unidade familiar de convivencia teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, no cómputo dos membros engadirase un membro máis, sempre e cando se achegue a acreditación documental desta situación expedida pola administración competente.

Décimo primeiro. PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras e a Convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaranse, unha vez aprobadas:

- As Bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no Portal de Transparencia, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na páxina web da EOIV (www.eoidevigo.org).

- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no Portal de Transparencia, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na páxina web da EOIV (www.eoidevigo.org), así como nun diario local impreso de maior tirada.

A publicación do Extracto enviado pola BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.



Décimo segundo.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O alumnado da EOIV beneficiario das bolsas deberá xustificar ata o 30 de outubro de 2026 (incluído) o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

Décimo terceiro.- PAGAMENTO.

O pago da contía total da subvención ao alumnado da EOIV que resulte beneficiario/a terá lugar tras a xustificación polo/a alumno/a da EOIV beneficiario/a, da realización da actividade para a que se concedeu a subvención, achegando a documentación preceptiva para elo establecida nas bases da convocatoria.

Décimo cuarto.- RECURSOS PROCEDENTES.

Contra as bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Décimo quinto.- NORMATIVA E BASES REGULADORAS.

Esta convocatoria rexerá polas súas Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local; pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polas Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.